

# RECREOS RESIDUO CERO

---

Querida comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar:

En resposta a actual emerxencia climática, queremos actuar. Está ben queixarse, pedir medidas ós gobernos e está moi ben educar ambientalmente pero todo isto ao tempo que actuamos e tomamos medidas reais no noso día a día e melloramos os nosos hábitos.

Por iso, como centro educativo, continuamos co reto **RECREOS RESIDUO CERO**, proxecto posto en marcha polo colectivo medioambiental "Profes por el futuro" e apoiado polo Ministerio de Transición Ecolóxica. Trátase de que toda a comunidade educativa camiñe na mesma dirección para reducir, na medida do posible, os residuos plásticos que xeramos na vida en xeral e nos recreos escolares en particular.

Polo que, alumnado, familias, profesorado e demais membros da comunidade educativa debemos facer un esforzo por cambiar e mellorar a nosa forma de consumo, envasado e transporte de produtos. Cada persoa individualmente ten un enorme poder na redución de residuos plásticos. Usemos ese poder e melloramos a situación. Seguro que, aínda que ao principio nos resulta difícil cambiar os hábitos, encontraremos maneiras sinxelas e creativas de non xerar residuos plásticos.

Desde a escola, queremos que isto sexa un proceso de mellora colectivo e compartido, como comunidade que somos. A unión fai a forza e que hai máis importante que a saúde, a nosa e a do medio natural no que vivimos.

As medidas concretas que plantexamos desde o noso centro serían:

- uso de cantimplora para líquidos.
- empregar envases reutilizables (bolsas de tela e fiambreiras), evitando o uso de papeis de aluminio e plástico nas merendas.

A dirección.

## OS FEITOS

1. A nosa actividade na escola xera lixo.
2. Os residuos contaminan.
3. Podemos reducir o seu impacto.

## O RETO

Reducir os residuos que xeramos na escola.



Obxectivo  
Residuos  
Cero



- Comer froita.
- Empregar envases reutilizables
- Usar a cantimplora.

## PISTAS



- Bricks.
- Palliñas.
- Aluminio.
- Envases e filmes de plástico.
- Doceria industrial.

## TRAMPAS